

AGULLA PRODUCCIÓN

PRESENTA



Unha escritora, Violeta Rivero, e o seu fillo repasan escenas da súa vida.


“Á diferenza é o que nos fai belas e únicas” Violeta Rivero dixit.

DOLLS fálanos nunha linguaxe teatral contemporánea de historias cotiás que pode vivir calquera de nos. Da man da comedia e baixo unha mirada lúdica e poética, ponse de relevo a vida das persoas LGTBI que perderon a liberdade, os seus soños ou mesmo a vida só por mostrarse diante da sociedade tal como son.

DOLLS cóntanos con sketches diversas situacións ás que moitas veces vímonos sometidas/os, sempre cunha ollada irónica.

DOLLS é unha comedia sen botella, pero con mensaxe para tod@s os públicos.

DOLLS fálanos de conciencia social, de respecto ás diferenzas do ser humano, e dun modo de enfrentarse ás circunstancias. Unha creación chea de humor e humanidade.



AGULLA PRODUCCIÓN

É unha pequena compañía teatral nada na Coruña. O clown e a mensaxe, son o punto de partida e referencia na creación dos nosos espectáculos.

Traballos cheos de artesanía nos que pretendemos que o público se vexa reflectido nos seus defectos e nas súas virtudes, na súa humanidade.

POR QUE DOLLS?

Á hora de abordar este proxecto sempre tiven claro que a obra tería que ter unha mensaxe que me implicase como creador e intérprete, e que esas premisas lle permitira ao director, que tamén é creador do espectáculo, traducilo a imaxes, entón o texto convertécese nun elemento máis do xogo dramático, máis que como unha expresión verbal do que sucede na escena.

Despois dun longo traballo man a man con dirección sobre a idea básica da autoficción e a homofobia, concluímos que a poética, o aspecto lúdico debiamos conservalo, e xerar sobre iso as imaxes/escenas que fagan ao público reflexionar.

FICHA ARTÍSTICA

Interpretación e creación: Jose Losada.

Deseño iluminación: Xose Leis e Agulla Produccións.

Deseño escenografía e realización: Carlos Rufo. – Realización cartelería: Lara Niel.

Deseño espazo sonoro: Agulla Produccións e Xosé Leis.

Deseño vestiario: Agulla Produccións - Realización: Fátima González.

Deseño Gráfico: Victoriano Rivero.

Fotografía e video: Daniel Viqueira.

Dirección e creación: Xosé Leis.

Producción: Agulla Produccións.

Agradecementos voces: Susana Abellán, Chus Álvarez, Manu Fernández, Josafat José, Daniel Otero, Victoria Pérez, Sergio Quintana, Sabela Quirós, Isabel Risco, Victoria Teijeiro, Isabel de Toro, David Vilares.

Obra en residencia na SALA GURUGÚ da Coruña.

Estrea 23/12/2020 no Fórum Metropolitano, dentro do programa CULTURA A CUBERTO do Plan Dinamización Cultural do Concello de A Coruña.



www.joselosada.net

